

Ola a todos e todas:

Se encontrastes esta nota é que sodes os elixidos para axudarme.

O meu nome é Iris. Hai uns anos mudeime a Costa da Morte a casa do meu avó, e comezaron a ocorrer moitos sucesos estranos e misterios, relacionados cos barcos que naufragaron nestas costas máxicas.



Hai unha maldición que, coa vosa axuda, poderá desvanecerse. Como?

Para axudarme, cada semana teredes que conseguir recorrer entre **TODO** o cole o equivalente ás millas que percorreron os barcos naufragados na Costa da Morte e completar o **PASAPORTE MÁXICO** que alberga os misterios destas augas. Cada clase deberá dar 9 voltas de diferentes maneiras que se vos encomenden. Así conseguiredes os **SELLOS** dos barcos que completarán o pasaporte.



**100 voltas semanais,
entre tod@s deberedes dar.
Só unidos o poderedes lograr!
Ánimo e a comezar!**

Primeiro misterio:

Todo comezou alí, en Cabo Vilán. Ese día fora andar coa miña nai e o meu irmán Breixo. A miña nai encántalle pintar e sempre vai co seu blog de debuxo. Ese día púxose a pintar o mar. Todo parecía normal, ata que me fixei ben no seu debuxo. Que estrano... O mar estaba negro!



Descubrín que no ano 2002 naufragou un barco chamado “Prestige” na Costa da Morte. Este barco partiu a metade e verteu todo o petróleo que levaba dentro, deixando as nosas praias negras co chamado “chapapote”. Foi toda unha catástrofe medioambiental! Sei que hai pouco chegaron plásticos ás vosas praias. Temos que romper a maldición! Que non se repita a historia! Andemos entre tod@s para conseguilo!

